

1. Líder BASKET



SON DE GALEGA

O Durán Maquinaria Ensino júnior masculino únese ao cadete e escribe unha nova páxina na historia do club. Por primeira vez un equipo júnior masculino da entidade competirá na Primeira división. Os de Adrián González certificaron o ascenso tras impoñerse a Xiria por 55-78 na Estrada



PRESENTACIÓN ENSINO LUGO CLUB DE BALONCESTO

A BASE E O PRIMEIRO EQUIPO VÍSTENSE DE GALA

Este xoves, a partir das 19:45h presentaranse o primeiro plantel e as categorías inferiores do Ensino Lugo, na sede de New Holland, nas instalacións de Durán

Maquinaria da Campiña. A entrada é libre ata completar o aforo para todo os asistentes a un acto que terá como presentador a Terio Carrera, xornalista da RTVG.



Elena Lijó, procedente do Basquet Coruña



Matea Nikolikj, xogadora macedonia que chega esta ano



A ensinista Natalia nunha xogada de ataque



Carmen Lebreiro busca un pase nun dous para un



Maite na pintura a piques de superar a unha rival

Celta xa mira polo retrovisor con respecto

O **DURÁN MAQUINARIA ENSINO**, aínda en fase de adaptación, vendeu cara a derrota ante o equipo que monopolizou as últimas competicións

ENSINO	CELTA
60	67
Xogadores	Xogadores
Maite 17	Neira
Matea 18	Comesaña
Alba 5	Fontela
Natalia 8	Pérez
Carmen 3	Prieto
Eva	Fernández
Elena 6	Gil
Laura 3	Vidal
	Magdalen
	Alonso
	Lázaro

O todopoderoso Celta de Vigo saiu co primeiro posto de grupo do Pazo tras impoñerse ao Ensino nun duelo directo polo primeiro chanzo e por estar na fase final da Copa Galicia. Pero as olivicas tamén saíron coa seguridade de que esta tempada non será un camiño de rosas como o foron as últimas, nas que se paseou por Galicia sen ter rival.

O Durán Maquinaria

"PARTIDO MUY DINÁMICO POR PARTE DE AMBOS EQUIPOS EN EL QUE SE VIERON ERRORES TÍPICOS DE PRETEMPORADA" MIGUEL LÓPEZ - Ensino

competiu un partido que chegou demasiado pronto para o conxunto de Miguel López. O Ensino está en plena fase de adaptación coa chegada de Matea Nikolikj, unha xogadora macedonia chamada a marcar as diferenzas e que, pese a non adestrar practicamente nunca coas súas novas compañeiras, foi a mellor do encontro con 18 puntos.

Miguel López tan só puido contar con oito xogadoras para este encontro, no que tivo as baixas de Natalia García, Paula Hoyuelos, Catuxa Carreira e Any. Co equipo ao completo e máis rodado, Ensino chamará con forza ás portas do título da Liga Galega junior feminina esta tempada.

Sen lamentarse polas ausencias o conxunto lucense recibiu ao actual campión de Liga e Copa no Pazo dos Deportes, onde se viu un bo partido de baloncesto no que os ataques se impuxeron ás defensas ao longo da primeira parte, con parciais de 17-19 e 15-16 para chegar ao descanso cun axustado 32-35 no electrónico.

Trala tregua do intermedio esperábase unha subida de intensidade no xogo por parte do Celta de Vigo, e esta non se fixo esperar. Levaron o encontro a un terreo máis físico coñecedoras das limitacións do Ensino na falta de

rodaxe e polas ausencias, e abriron oco no marcador cun terceiro parcial de 11-17.

Lonxe de baixar os brazos, o Durán Maquinaria Ensino continuou dentro do encontro e aínda que non tivo opcións reais de remontar o partido, si que puido impoñerse no último parcial, 17-15, e recortar distancias no marcador ata o definitivo 60-67.

Unha derrota que deixa a Ensino fóra da final four da Copa Galicia na que estará Estudiantes, que necesitaba a vitoria de Celta e a derrota de Rosalia en Ourense. Ambas se deron e o conxunto de Fernán Varela representará ao baloncesto lucense en Vigo.

4

AUSENCIAS Ademais da falta de rodaxe do equipo, Miguel López non puido contar con Natalia García, Paula Hoyuelos, Catuxa Carreira e Any

1

DEBUT Matea Nikolikj disputou o seu primeiro encontro co Ensino practicamente unhas horas despois de aterrizar en España. A xogadora macedonia xa demostrou ante o Celta que será determinante na competición

31

PUNTOS DE MEDIA Antes de enfrontarse a Ensino, as tres vitorias de Celta foran por diferenzas amplias, quedando a media da vantaxe en 31 puntos

PRESENTACIÓN 2019/2020
Primer equipo y cantera del Ensino Lugo

3 DE OCTUBRE - 19:45h

Instalaciones de Durán Maquinaria
Carretera N 640. Km 87,5. A Campiña, Lugo

LEYMA O natura GALICIA SAUDABLE

ABANCA NON



Alba Ruano mira o aro para finalizar unha entrada



A marea ensinista desprazouse ata A Estrada para animar aos xogadores júnior, que conseguiron ante Basket Xiria un ascenso histórico para o club capitalino

O Ensino tamén estará na Liga Galega júnior masculina este curso

O CADRO DIRIXIDO POR ADRIÁN GONZÁLEZ ASINOU O ASCENSO na Estrada tras impoñerse con autoridade a Xiria, polo que competirá esta tempada na máxima categoría por primeira vez

B. XIRIA	ENSINO
55	78
Xogadores	Xogadores
Méndez	Eloy
Castro	Hugo Méndez
Pose	Mario
Fraga	Antón
Abelenda	Alberto
Fuentes	Cristian
Otero	Hugo Rey
Lodeiro	Sergio
Pereira	Jorge
Santiago	Ollolqui
Miranda	Dani
	Sebas

"EL EQUIPO REALIZÓ UN GRAN ESFUERZO COLECTIVO EN UN PARTIDO NADA FÁCIL DE CONTROLAR POR LA IMPORTANCIA EMOCIONAL"

ADRIÁN GONZÁLEZ - Ensino

Primeira División: Tanto o cadete, que ascendeu a pasada xornada, como o júnior, que o conseguiu o sábado.

Ata A Estrada desprazouse a marea ensinista para arroupar ao equipo. Ensino era favorito, pero a presión do ascenso podía xogar en contra dos lucenses. Por iso Adrián González incidiu na preparación mental dos seus xogadores para que se abstiveran do ambiente e se centrasen no xogo.

Conscientes de que o ritmo de partido sería o que Ensino marcara ante un Xiria coa misión de ralentizar o xogo e baixar a anotación habitual dos

lucenses, o partido empezou con boas sensacións para os de Adrián González, que viron aro con facilidade pero entraron moi pronto en bonus por faltas, e Xiria mantívose con vida no marcador ao final do primeiro cuarto, 16-23.

O guión repetíuse no segundo parcial. Nos primeiros minutos Ensino parecía que despegaba no marcador, pero cando aínda restaban oito minutos para o final do cuarto xa estaban en bonus, polo que Xiria mantivo o goteo de puntos, 16-18 para chegar ao intermedio con 32-41 no marcador.

Adrián González corrixiu os fallos defensivos e Ensino mellorou neste apartado na segunda parte. Xiria quixo sorprender cunha defensa en zona, pero Ensino meteu ben o balón na pintura e continuou ampliando a vantaxe ata chegar aos últimos dez minutos con máis 15, 44-59.

2

EQUIPOS LUCENSES na Liga Galega júnior masculina. Estudantes e Ensino competirán na máxima categoría esta tempada como xa sucedera anteriormente con Estudantes e Cidade de Lugo, conxunto tamén dirixido por Adrián González

1a

VEZ O ENSINO EN PRIMEIRA División masculina. Tralo ascenso dos cadetes e agora o júnior, esta xa é unha tempada para a historia do conxunto lucense

Lonxe de confiarse Ensino sacou o xene competitivo para non dar ningunha opción de remontada a Xiria, esperando ao final do encontro para empezar a festa do ascenso cos numerosos afeccionados que se achegaron a arroupar ao novo conxunto da Liga Galega júnior masculina.



Sergio nunha acción de contraataque ensinista



Mario protexendo a pelota nun dous para un



Hugo Rey a piques de finalizar unha entrada a canastra



O conxunto ensinista ao completo celebrando nos vestiarios o ascenso á Liga Galega, na que competirán esta tempada

O Ensino 2019/2020 pres

TODO O BALONCESTO LUCENSE E TODOS OS AFECCIONADOS AO DEPORTE base e do primeiro equipo do club capitalino, que será o vindeiro xoves a

A PRESENTACIÓN

A ENTRADA SERÁ LIBRE PARA TODOS OS ASISTENTES ATA COMPLETAR O AFORO

A sede de New Holland nas instalacións de Durán Maquinaria transformarase por segunda tempada consecutiva para a presentación dos conxuntos de canteira e do primeiro equipo do Ensino Lugo Club de Baloncesto. Dende a categoría infantil ata a júnior, tanto masculina coma feminina, así como o primeiro equipo, desfilarán ante todos os presentes, que terán a entrada libre para asistir a Gala de Presentación ata completar aforo e ao remate poderán degustar un aperitivo cos xogadores e xogadoras da base e con todo o plantel do primeiro equipo.



PRIMEIRO EQUIPO

VÍDEOS E ENTREGA DA COPA GALICIA FEMININA 2019

Cada xogadora do primeiro equipo será presentada individualmente con un vídeo personalizado e unha vez que esteñan elas e corpo técnico sobre o escenario mostrarán a todos os presentes o último título acadado polo Ensino Lugo Club de Baloncesto, a Copa Galicia 2019 que gañaron recentemente en Narón na final que disputaron ante o Real Club Celta de Vigo. Todas as xogadoras do primeiro plantel estarán esta tempada na presentación para recibir o apoio lucense de cara á tempada na Liga Día



Juan Nécega, adestrador do primeiro equipo, con Terio Carrera

NOVAS INCORPORACIÓNS

CINCO CARAS NOVAS NO PRIMEIRO PLANTEL DO ENSINO

Respecto á tempada pasada o Durán Maquinaria Ensino conta con cinco novas xogadoras que serán presentadas ante o público en xeral tras facelo anteriormente ante os medios de comunicación.

A base Aleksandra Stanacev, as escoltas Kalis Loyd e Ainhoa López e as pivots Shereesa Richards e Bea Sánchez vivirán a súa primeira Gala Presentación do Ensino como xogadoras do conxunto lucense.



O Presidente, Manuel Durán, coa Copa Galicia 2018 na pasada presentación

ESPECTÁCULO

TERIO CARRERA DIRIXIRÁ UN ACTO CON MOITAS SORPRESAS

O presentador e xornalista da RTVG, Terio Carrera, será o encargado de dirixir a Gala presentación do Ensino Lugo Club de Baloncesto á que asistirán representantes dos principais patrocinadores do club, Durán Maquinaria, Cafés Candelas, New Holland e Leyma Natura, así como representantes do Concello de Lugo, Deputación Provincial e Xunta de Galicia, pezas claves para o funcionamento e crecemento do Ensino, especialmente nas últimas tempadas tanto no primeiro equipo coma nas categorías inferiores.



Preséntase o próximo xoves

ORTE DA CANASTRA están convidados á presentación dos conxuntos de partir das 19:45 horas nas instalacións de Durán Maquinaria da Campiña

CATEGORÍAS INFERIORES

16 EQUIPOS DENDE INFANTIL ATA JÚNIOR, TANTO MASCULINO COMA FEMININO, FORMAN A CANTEIRA DO ENSINO LUGO

A aposta pola canteira do Ensino consolídase como unha das máis incisivas no baloncesto galego. O club capitalino presentará o próximo xoves aos seus equipos dende a categoría infantil ata a júnior, femininos e masculinos. Precisamente no apartado dos rapaces é donde máis medrou esta tempada a base do Ensino, clasificando por primeira vez a dous equipos masculinos, o cadete e o

júnior, para xogar nas súas respectivas ligas galegas, que se unen ao cadete e júnior feminino que xa competían en anteriores cursos.

Todos estes equipos e os das categorías infantil masculino e feminino serán presentados ante os afeccionados o xoves a partir das 19:45 horas na sede de New Holland, nas instalacións de Durán Maquinaria



A pasada fin de semana, o equipo júnior conseguiu un histórico ascenso para o club, que por primeira vez xogará en Liga Galega



ereesha Richards, nova incorporación do primeiro equipo



O cadro cadete xunto ao seu adestrador, Adrián González, tras conseguir o ascenso á Primeira División



As xogadoras cadete tamén xogarán esta tempada en Galega



O júnior feminino buscará esta tempada o título Galego

JUNIOR MASC. COPA GALICIA G.B**RESULTADOS**

C. Ourense – Culleredo **69-55**
Sigaltec – CB Tui **84-90**

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ESTUDIANTES	4	4	0	0	312	250
CB TUI MASCATO	4	3	1	0	334	304
SIGALTEC	4	1	3	0	280	265
KFC CULLEREDO	4	1	3	0	248	302
CLUB OURENSE	4	1	3	0	241	294

FINALIZADA A 1ª FASE

JUNIOR FEM. COPA GALICIA G.A**RESULTADOS**

Bosco – Rosalia **47-46**
Durán Ensino – Celta **60-67**

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
CELTA	4	4	0	0	296	193
ESTUDIANTES	4	2	2	0	223	238
DURAN ENSINO	4	2	2	0	231	243
BOSCO	4	1	3	0	206	271
ROSALIA	4	1	3	0	219	230

FINALIZADA A 1ª FASE

FASES DE ASCENSO A LIGA GALEGA**CADETE MASC. ASCENSO G.A****RESULTADOS**

Marín – Ría de Ribadeo **47-60**
C. Ourense – X. Cambados **76-57**

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
CB RÍA DE RIBADEO	3	3	0	0	219	144
CLUB OURENSE	3	2	1	0	186	186
MARIN	3	1	2	0	147	168
XUVEN CAMBADOS	3	0	3	0	152	206

FINALIZADA FASE DE ASCENSO

Ascendido :
CLUB RÍA DE RIBADEO

CADETE MASC. ASCENSO G.C**RESULTADOS**

Maristas C. – Bosco **21-88**
Betanzos – San Ciprián **43-103**

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
SAN CIPRIAN	4	4	0	0	357	195
BOSCO "04"	4	3	1	0	291	167
CAB UMANA	4	2	2	0	202	246
MARISTAS CORUÑA	4	1	3	0	213	338
BETANZOS	4	0	4	0	214	331

FINALIZADA FASE DE ASCENSO

Ascendido :
SAN CIPRIÁN

CADETE MASC. ASCENSO G.D**RESULTADOS**

Ensino Lugo – PBB A **85-60**
Estudiantes S. – B. Amor **29-72**

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ENSINO LUGO	3	3	0	0	262	124
EDO BLANCO AMOR	3	2	1	0	190	173
PBB A	3	1	2	0	218	201
ESTUDIANTES S	3	0	3	0	91	263

FINALIZADA FASE DE ASCENSO

Ascendido :
ENSINO LUGO

INFANTIL FEM. ASCENSO G.C**RESULTADOS**

Burela – Montrove **81-32**
Pontumio – X. Cambados **61-49**

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
BURELA	3	3	0	0	199	119
PONTUMIO	3	2	1	0	195	158
XUVEN CAMBADOS	3	1	2	0	141	145
MONTROVE	3	0	3	0	107	220

FINALIZADA FASE DE ASCENSO

Ascendido :
CB BURELA

PRE-INFANTIL FEM. NORTE**RESULTADOS**

Ensino Lugo – Burela
Esclavas – B. Coruña
Los Rosales – C. Artabra
Baxi Ferrol – Estudiantes

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ENSINO LUGO	0	0	0	0	0	0
ESTUDIANTES	0	0	0	0	0	0
BURELA	0	0	0	0	0	0
ESCLAVAS	0	0	0	0	0	0
B. CORUÑA	0	0	0	0	0	0
LOS ROSALES	0	0	0	0	0	0
C. ARTABRA	0	0	0	0	0	0
BAXI FERROL	0	0	0	0	0	0

PRÓXIMA XORNADA

B. Coruña – Los Rosales
Estudiantes – Esclavas
Burela – Baxi Ferrol
C. Artabra – Ensino Lugo

PRE-INFANTIL MASC. NORTE**RESULTADOS**

Culleredo – Celtas Foz
T. Molina – C. Artabra
Maristas C. – Estudiantes
B. Coruña – Aringal

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
CELTAS FOZ	0	0	0	0	0	0
ESTUDIANTES	0	0	0	0	0	0
CULLEREDO	0	0	0	0	0	0
TIRSO DE MOLINA	0	0	0	0	0	0
B. CORUÑA	0	0	0	0	0	0
MARISTAS CORUÑA	0	0	0	0	0	0
ARINGAL	0	0	0	0	0	0
C. ARTABRA	0	0	0	0	0	0

PRÓXIMA XORNADA

Aringal – Maristas Coruña
Celtas Foz – Tirso de Molina
Estudiantes – Culleredo
C. Artabra – B. Coruña

MINIBASKET 1ª FEM. NORTE A**RESULTADOS**

Ensino Lugo – Burela
Esclavas – B. Coruña

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
ESTUDIANTES	0	0	0	0	0	0
ENSINO LUGO	0	0	0	0	0	0
BAXI FERROL	0	0	0	0	0	0
C. ARTABRA	0	0	0	0	0	0
PONTUMIO	0	0	0	0	0	0

PRÓXIMA XORNADA

Ensino Lugo – Pontumio
Estudiantes – Baxi Ferrol

MINIBASKET 1ª MASC. NORTE A**RESULTADOS**

Ribadeo – Estudiantes
Narón – C. Artabra
B. Ferrol – Maristas Lugo

CLASIFICACIÓN

Equipo	X	G	P	NP	PF	PC
MARISTAS LUGO	0	0	0	0	0	0
ESTUDIANTES	0	0	0	0	0	0
RIBADEO	0	0	0	0	0	0
C. ARTABRA	0	0	0	0	0	0
NARÓN	0	0	0	0	0	0
B. FERROL	0	0	0	0	0	0

PRÓXIMA XORNADA

Estudiantes – B. Ferrol
Maristas Lugo – Narón
C. Artabra – Ribadeo

**FASE FINAL DE ASCENSO
JUNIOR MASCULINO****SEMIFINAIS**

CB VIVEIRO 33-49 XIRIA ARTAI

SEMIFINAIS

MARÍN PEIXEGALEGO **63-92** DURÁN ENSINO

FINAL

XIRIA ARTAI **55-78** DURÁN ENSINO

CADA **MARTES**
TODA A INFORMACIÓN DO
BALONCESTO BASE LUCENSE
EN

1. Líder BASKET

Estudiantes, a revalidar o título de Copa en Tui

2

TÍTULOS SEGUIDOS acadaría o Estudiantes Leyma Natura se consegue revalidar o campionato que conseguiu a tempada pasada con Marcos López coma adestrador. Este curso o timón lévaa Pablo Abuín e a final four desplázase a Tui

OS DE PABLO ABUÍN chegan invictos á Final Four tras levarse os catro encontros na fase de grupos. Os celestes xa gañaron a tempada pasada este campionato

Estudiantes júnior masculino ten esta fin de semana a posibilidade de revalidar o título de Copa Galicia conseguido a pasada campaña ao impoñerse no Pazo dos Deportes a COB Ourense.

Tras comezar a pretemporada con baixas que obrigaron a aprazar algún partido, Pablo Abuín pensaba nesta Copa como unha oportunidade de ir collendo ritmo de competición e acumulando partidos.

Tras derrotar a Tui –a priori o rival máis complicado– na xornada inaugural, os celestes foron superando os seguintes enfrontamentos ata chegar invictos e líderes do Grupo B á Final Four que se disputará este sábado en Tui.

Comezar a temporada gañando un título sempre é un plus, pero para os

“LA FINAL FOUR ES UNA BUENA OPORTUNIDAD PARA JUGAR DOS PARTIDOS MÁS E IR COGIENDO FORMA DE CARA A LA TEMPORADA REGULAR”

PABLO ABUÍN - Estudiantes Lugo

celestes non é o obxectivo. Abuín reconece que esta fase “é unha gran oportunidade para xogar dous partidos máis e así chegar o mellor posible á tempada regular”. Dous encontros nos que os capitalinos tratarán de ser o máis competitivos posibles disfrutando da fase, e se chega a oportunidade de lograr a Copa, sempre é positivo para o equipo e para o club.

O rival nas semifinais será Obradoiro Peleteiro, segundo do Grupo A, un equipo forte pese a perder con Rosalía no primeiro encontro da fase. De vencer, os celestes xogarían a final contra o gañador do duelo entre Rosalía e Tui.

O adestrador celeste ve no conxunto compostelán a un rival moi competitivo e moi bo nos un para un. De enfrontarse ao conxunto anfitrión, sabe que se encontrarán cun equipo moi físico e ben traballado que dará moita guerra.

De cara á Liga regular o adestrador celeste reconece que “aínda temos moito que mellorar. Debemos conxuntarnos e cohesionarnos. Somos un equipo atípico, con xogadores que estaban o ano pasado no júnior, algún cadete que sube e algún incluso que vén de xogar a pasada campaña na Liga Provincial, polo que as dinámicas son moi diferentes.” conclúe.



Pablo Varela dando instrucións aos seus durante un tempo morto

As júnior están na Final Four que se disputará en Vigo

OS RESULTADOS DA ÚLTIMA XORNADA ACOMPAÑARON AO ESTUDIANTES, que se clasificou para a fase final da Copa Galicia. As celestes xogarán en semis con Peleteiro

“NO TENIAMOS COMO OBJETIVO LLEGAR A LA FINAL FOUR, PERO ESTOY MUY CONTENTO DE PODER JUGAR ESTE FIN DE SEMANA EN COMPETICIÓN OFICIAL, TENER PARTIDO SIEMPRE MOTIVA MÁS PARA ENTRENAR Y ADEMÁS PARA ALGUNAS NIÑAS SERÁ SU ÚLTIMA COPA GALICIA”

FERNÁN VARELA - Estudiantes



Fernán Varela na banda nun encontro no Anexo

As celestes descansaban na última xornada da primeira fase co ollo posto nos encontros que se disputaban no seu grupo e coa esperanza de que os resultados as favoreceran para meterse na final a catro. Así foi, a derrota de Ensino contra Celta e a de Rosalía por un punto ante Bosco Salesianos meten ás de Fernán Varela na Final Four que se disputará o próximo domingo en Vigo.

O conxunto capitalino prepara o cruce ante Peleteiro con ilusión e buscando o que a maioría de equipos na súa pretemporada, chegar o mellor posible ao comezo da Liga regular. “Estamos empezando, temos

2

RESULTADOS A FAVOR

necesitaba o Estudiantes Leyma Natura na última xornada para estar na f-4 e ambos se deron. O Celta impúxose ao Ensino e Rosalía caeu en Ourense

un equipo moi diferente ao do ano pasado e vamos intentando coller bos hábitos, cousas que me gustaría facer ben ao longo do ano, tratando de adestrar o máximo posible, con bastante carga física para así conformar unhas bases coas que traballar ben toda a temporada” di o adestrador celeste.

Fernán considera que o equipo ten moita marxe de mellora, e iso é o que buscará ao longo deste ano, que cada unha das xogadoras se supere no individual para así ser un equipo competitivo a nivel colectivo. A isto axuda chegar ao comezo de Liga cunha boa carga de partidos, e a Final Four da Copa é a mellor pretemporada posible.

Estudiantes xogará o encontro de semifinais ante Peleteiro, un grupo forte, similar ao da tempada pasada, con moitas xogadoras becadas. O último enfrontamento ante as compostelás remóntase aos playoffs por unha praza no Campionato de España, nos

que as celestes gañaron por dez puntos.

De repetir a fazaña o equipo capitalino enfrontaríase na final ao gañador do duelo entre Celta de Vigo e Basquet Coruña, polo que podería repetirse o duelo polo título da pasada temporada, no que o vixente campión, Celta, se impuxo a Estudiantes.

2º

ESTUDIANTES acadou o subcampionato da Copa a pasada campaña, tras enfrontarse na final a Celta de Vigo. Este ano o cruce podería repetirse

CB CHANTADA

O CLUB CHANTADINO REVALIDOU O TÍTULO DA COPA GALICIA EBA tras impoñerse na final a Porriño, 65-77, nun encontro que os de Alberto Fafián disputaron co factor pista en contra



O CB Chantada celebrando o título da Copa Galicia ao remate da final disputada en Porriño coa súa afección, que se desprazou en masa para asistir ao encontro

O Uoga Seguros Club Baloncesto Chantada revalidou o título de campión da Copa Galicia tras impoñerse a Porriño na final. Deste xeito os de Alberto Fafián sumaron o seu terceiro título nesta competición, que serve de antesala para o inicio da Liga EBA, que dará comezo esta próxima fin de semana cos chantadinos e Estudiantes como representantes lucenses na competición.

O CB Chantada presentouse na final tras quedar primeiro dun Grupo B formado por Obradoiro Silleda e Estudiantes Lugo. Os de Alberto Fafián perderon o primeiro encontro no Pazo dos Deportes de Lugo ante Estudiantes Leyma Natura, 73-69, e gañaron o segundo ante Obradoiro Silleda, 86-74. O grupo terminou cos tres equipos empatados a unha vitoria e unha derrota, clasificándose o CB Chantada para a final ao ter o mellor basketaverage.

Xa na rolda final o Uoga Seguros Club Baloncesto Chantada citouse con Porriño Baloncesto Base nunha final que se disputou a partido único en Porriño. Os chantadinos foron de menos a máis ao longo da final, reaccionando ben tralo paso polos vestiarios, e leváronse a copa Galicia a Chantada tras impoñerse cun marcador final de 65-77. Ao Club Baloncesto Chantada custoulle entrar no partido, pero os discípulos de Alberto Fafián, que viron como ao descanso íanse cunha desvantaxe de cinco puntos (35-30) sobrepuxéronse ao factor pista en contra alentados por unha ampla representación da súa afección, que se desprazou en masa ata Porriño, ao poñer o Concello de Chantada autocares gratuitos para poder presenciar o encontro en directo.

Na segunda parte as tornas cambiaron nos dous últimos

cuartos, cun Filip Knezevic estelar, que foi clave na reacción do conxunto chantadino. Con esta vitoria, o Club Baloncesto Chantada revalidou o título e xa suman a terceira copa Galicia nas súas vitricas.

Inicio da Liga EBA

O Uoga Seguros CB Chantada debutará este próximo sábado na Liga regular medíndose a domicilio a Culleredo nun encontro que comezará a partir das 20:00 horas. Nesta

Liga EBA tamén compite o Estudiantes Leyma Natura, que xogará o seu primeiro encontro como visitante ante Santo Domingo de Betanzos, o vindeiro domingo a partir das 17:00 horas.

